



A Coruña, 10 de xaneiro de 2023.

Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación

ASUNTO: ACTA N°1 TEMP 2022-23

Equipos participantes: CW Santiago C - CW Pontevedra B

Competición: Liga Galega Waterpolo Segunda División.

Data de celebración: 17/12/2022.

FEITOS

- O día 22 de decembro foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos árbitros do encontro no que se recolle:

"No minuto 4:38 do 4º período amoéstase con expulsión definitiva, con substitución disciplinaria ao xogador local F. Collazo Lorenzo con N° de licenza 1207102 por: tras ser expulsado, protestar reiteradamente a decisión do árbitro, dirixíndose ao mesmo cos brazos en alto."

- O día 22 de outubro deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

CONSIDERANDO

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Os feitos que motivan a expulsión definitiva tras ser previamente expulsado como infracción leve do art. 7. I.1.a).

RESOLVE

- Sancionar a D. F. Collazo Lorenzo con número de licenza 1207102 xogador do C. W. Santiago cat. Segunda división masculina cun encontro de suspensión nesta categoría(art. 9.III.b).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco
Comité de Competición da FEGAN